



**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE DOUS EQUIPOS DETECTORES DE MS/MS DE TRIPLO CUADRUPOLO CON SISTEMAS CROMATOGRÁFICOS DE ULTRA ALTA PRESIÓN, CUNHA DURACIÓN DE 24 MESES, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)**

A Dirección do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), visto o expediente para a adxudicación do servizo de mantemento sobre dous equipos detectores de MS/MS de triplo cuadrupolo con sistemas cromatográficos de ultra alta presión, cunha duración de 24 meses, que este Instituto mantén na Unidade de Biotoxinas (Exp.5-2017), polo procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, artigos 169, 170 d), 174 e), 176 e 178 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), considerando:

- Que a empresa Waters Cromatografía S.A., ten exclusividade no mantemento dos equipos antes indicados.
- Que a súa oferta por importe de 72.000 € (SETENTA E DOUS MIL EUROS) , IVE e outros impostos non incluídos, axústase ao importe da licitación.
- Que a documentación presentada pola empresa Waters Cromatografía S.A., resulta ser acorde coas indicacións sobre as condicións técnicas e económicas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas, tal e como se recolle na proposta de adxudicación da comisión de avaliación nomeada para a contratación deste expediente.
- Que a empresa Waters Cromatografía S.A., acredita suficientemente que reúne os requisitos esixidos no Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares do expediente.

Que a empresa presentará xustificante de subscripción da garantía definitiva polo importe de 3.600,00 € (Tres mil seiscientos Euros) correspondente ao 5% do total da adxudicación, sen IVE e outros impostos.

Polo exposto, e de conformidade co establecido no artigo 151 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

Adxudicar a contratación dos servizos de mantemento sobre dous equipos detectores de MS/MS de triplo cuadrupolo con sistemas cromatográficos de ultra alta presión, que este Instituto mantén na Unidade de Biotoxinas, cunha duración de 24 meses (Exp.5-2017) a **Waters Cromatografía S.A. co CIF A60631835**, por un importe de SETENTA E DOUS MIL EUROS (72.000 €), IVE e outros impostos non incluídos.

De conformidade co disposto no artigo 156.3 do TRLCSP e tal como recóllese no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o adxudicatario, queda obrigado a subscribir, dentro do





prazo **15 días hábiles** desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vilaxoán, 14 de decembro de 2017

A directora de Intecmar

M<sup>a</sup> Covadonga Salgado Blanco

